



## TRANSPORTE ESCOLAR 2024-2025

- Consideracións a ter en conta para **todos** os usuarios de transporte escolar:
  - **Usuario con dereito a transporte escolar:** alumnado escolarizado no centro que lle corresponda, segundo a situación do seu domicilio e área de influencia establecida.
  - **Usuario sen dereito a transporte escolar:** alumnado escolarizado no centro, autorizado excepcionalmente, se hai prazas vacantes, por un curso escolar.
- A partir do **11 de setembro** os monitores terán unha listaxe do alumnado transportado para comprobar a súa utilización nas tres rutas.
- Ao final de cada mes establecerase un control por parte do equipo directivo do uso do transporte. **A non utilización do transporte de forma regular tanto dos usuarios léxítimos como dos usuarios excepcionais levará á perda da praza.** Enténdese uso regular do transporte ou uso repetitivo del en días fixos da totalidade das semanas do curso 24-25 (ver apartado 2 da instrución).  
Exemplos:
  - De luns a venres utilizar o transporte á mañá e á tarde.
  - De luns a venres utilizar o transporte á mañá.
  - De luns a venres utilizar o transporte á tarde.
- A non utilización do transporte só se poderá xustificar por motivos como: o alumno está enfermo ou ten unha actividade extraescolar.
- Os alumnos que utilicen **dúas paradas** teñen un compromiso por parte dos peticionarios dunha utilización continuada ao longo do curso escolar das dúas paradas (ver apartado 8 da instrución). A non utilización das dúas paradas levará á perda da praza.

### 1. Utilización excepcional do transporte. Encher anexo I.

Ante a posible existencia no centro de máis solicitudes que prazas de transporte, na ruta 99 OU0315 AS AIRAS - TRELLERMA. O equipo directivo en cumprimento da instrución **1/2024 DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E DA DIRECCIÓN XERAL DE MOBILIDADE**, inicia un proceso de baremación dos **usuarios excepcionais** de transporte neste centro.

Entre o **día 4 de xullo e o 19 de xullo** ábrese un prazo para solicitar o autobús escolar para os usuarios excepcionais de transporte. Os usuarios excepcionais serán baremados por orde dos requisitos establecidos na instrución 1/2023 (ver apartado 5º da instrución).

O **día 29 de xullo** publicarase na web do centro, o listado provisional de admitidos e excluídos.

O **día 5 de setembro** aprobarase en Consello Escolar a listaxe definitiva, sendo publicada ese mesmo día, na web do centro, a lista de admitidos e excluídos.

## **2. Novo usuario ou cambio de parada con dereito a transporte. Encher anexo II.**

**Os-as alumnos-as matriculados no curso 23-24 que son usuarios-as con dereito a transporte non teñen que encher nada.**

## **3. Utilización excepcional de dúas paradas. Encher anexo III.**

Para poder proceder á asignación de dúas paradas de transporte escolar diferentes a un mesmo alumno, usuario do transporte escolar, é necesario que exista o seguinte:

1º. Petición formal e expresa, asinada polas persoas titoras do alumno transportado, que ostenten a súa garda e custodia.

2º. Xustificación acreditativa das situacións familiares e/ou laborais que requiren da asignación excepcional de dúas paradas distintas a un mesmo escolar (sentencia ou convenio regulador, atribuíndo a custodia e garda compartida aos pais, informe ou certificación empresarial ou administrativa acreditativa do horario laboral incompatible de ambas as dúas persoas titoras do menor ou dunha, no caso das familias monoparentais).

3º. Compromiso de utilización continuada, ao longo do curso escolar, das dúas paradas de transporte escolar asignadas, no sentido e do xeito fixado na aplicación de xestión

**Tanto a solicitude de comedor como de transporte poderán entregala de forma presencial ou por correo electrónico ata o 19 de xullo en dirección de 11 a 13:00. Tamén poden deixalas na caixa de correo do centro.**